

Resolución da Asemblea de EAPN – Galicia sobre o Anteproxecto de Lei de Inclusión Social de Galicia

A Asemblea Xeral Ordinaria de EAPN - Galicia, reunida en Santiago de Compostela o venres 23 de setembro de 2011, acorda por consenso realizar unha chamada pública para Impulsar o ANTEPROXECTO DE LEI DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA.

A actual Lei de Medidas Básicas para a Inclusión Social de Galicia (Lei 9/1991) foi quedando obsoleta a pesar das reformas realizadas no texto primixenio mediante a Lei 1/1999, do 5 de febreiro e a Lei 16/2004 de 29 de decembro. Esta situación comezou a ser especialmente patente desde a publicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Foi sobre todo o cambio producido nas persoas, no contorno sociocultural e no ciclo económico o que está a demandar a aprobación dun novo texto normativo:

- A evolución das propias persoas beneficiarias, diferenciándose moito dous perfís: un máis próximo á inclusión, activo e ocasional; este era o perfil para o que estaba pensada en principio a prestación. E outro con menor mobilidade, con frecuentes entradas e saídas no sistema, as máis das veces por suspensións temporais e por penalizacións. Aínda que as sucesivas reformas da Lei foron establecendo un perfil diferenciado de acceso á prestación, máis acorde con esa situación, o marco legal máis parece excepcional para este segundo grupo que pensado para persoas en situacións de exclusión severa. Precísase un texto normativo que teña en conta a especificidade deste grupo, socioloxicamente moi estable e con graves dificultades para superar a súa situación.
- Ademais, o actual ciclo económico, dificulta a inclusión social e expulsa do mercado de traballo ás persoas con menos habilidades e sen acreditacións profesionais. Cómpre establecer un conxunto de medidas de acompañamento para o emprego que tomen en conta as novas dificultades, a pertinencia da acreditación das competencias non formais e informais e a súa valoración en sistemas mixtos de formación, práctica laboral e emprego. Ese conxunto de medidas debe resultar incentivador do acceso ao emprego, mentres que no actual marco normativo existen circunstancias desincentivadoras (a seguridade da prestación fronte á precariedade do mercado laboral, e a existencia de salarios en traballos a tempo parcial inferiores en contía á propia RISGA son os principais elementos que retraen os itinerarios de inclusión).
- A actual separación entre as medidas destinadas aos menores e as enderezadas ao núcleo familiar supón a existencia dun marco fragmentario de protección, especialmente preocupante nun país que continúa nas últimas posicións na Europa dos 27 en materia de protección á familia. Este marco fragmentario dificulta a loita contra a reprodución xeneracional da pobreza e contra o abandono escolar temperán.
- Os distintos contextos de acceso á vivenda configuran oportunidades vitais moi diferentes, incluso con niveis de renda moi similares. Contemplan o acceso á vivenda ao lado do acceso a un mínimo vital de renda é necesario para poder rematar cos focos máis persistentes de exclusión social severa, tanto do punto de vista do territorio como dos perfís sociais específicos que a sofren (persoas sen teito, minorías...).

- Por último, é necesario relacionar o sector da economía social, nomeadamente as empresas de inserción, pero tamén outras iniciativas económicas, cos itinerarios de inclusión social, que deben ter unha clara vocación de adquisición de competencias laborais e introdución no mercado de traballo. O marco actual está aconrado nunha época en que a Administración Central posuía as competencias ligadas ao emprego, mentres que a Xunta de Galicia tiña as dos servizos sociais. Cómpre avanzar na unificación dos subsistemas de protección da renda e protección do desemprego desde o punto de vista da unificación das competencias administrativas e, sobre todo, de unificación dos itinerarios das persoas afectadas.

Tendo en conta as consideracións anteriores, a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social en Galicia (EAPN – Galicia) saúda a proposta do Goberno Galego dunha nova Lei de Inclusión Social, que inclúa e harmonice os aspectos mencionados, e que serva de novo marco de protección social, de garantía de renda e que dea forma aos itinerarios de inclusión social.

Considerando que xa foi presentado un borrador moi satisfactorio do Proxecto de Lei na Mesa de Diálogo Social durante o pasado 2010, urximos ao propio Goberno Galego a impulsar o seu trámite parlamentario. Asemade, convidamos aos Grupos Parlamentarios a traballar sobre a proposta do goberno, melloral a -se fose posible-, e dotar ao conxunto da cidadanía de Galicia dunha nova Lei de Inclusión Social que garanta a protección social e a inclusión, como bases da cohesión social, sabendo que foron os países europeos con maiores niveis de protección e de inclusión social activa os que mellor resistiron os efectos da crise e con maiores oportunidades para a reactivación económica.

Pola súa banda, EAPN - Galicia comprométese a continuar traballando desde unha metodoloxía de participación e colaboración, para contribuír á mellora da actual proposta do texto normativo, co fin de achegar a voz das organizacións sociais e das persoas afectadas pola pobreza e a exclusión. E, desde esa colaboración propositiva, solicita ao Goberno e ao Parlamento, que tomen en consideración as achegas do Terceiro Sector de Acción Social e a participación das persoas en proceso de inclusión.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2011